

<b>Data</b>	23/03/2022
<b>Lugar</b>	Salón de Actos do Edificio Administrativo do Auditorio “Mar de Vigo” Pranta 4ª, Avda Beiramar nº 59
<b>Inicio da xuntanza</b>	18:10h (2ª convocatoria) <b>Fin da xuntanza</b> 20:35h
<b>Asisten</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presidente, Gorka Gómez Díaz</li> <li>• Vicepresidente: Antonio Vázquez Vázquez</li> <li>• Secretario, Pedro Mª Vázquez Iglesias</li> <li>• Representante da Administración Educativa, Antonio Estévez Rodríguez</li> </ul> <p>- Sector docente:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Emma Iglesias Albor</li> <li>• Xoan Xosé Santos Costa</li> <li>• Santiago Rodríguez Sánchez</li> <li>• Isabel Lago Schramm</li> </ul> <p>- Sector usuarios/as:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Mª Bertila Fernández Pérez</li> <li>• Yolanda González Larrañaga</li> <li>• Joel Covelo Gallego</li> <li>• Egoitz Rivas Ibarretxe</li> <li>• Sergio Pico González</li> </ul> <p>- Sector social:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pilar Álvarez Rey</li> <li>• Antonio Vázquez Vázquez</li> <li>• Óscar Álvarez Gallego</li> <li>• Isabel López Lorenzo</li> </ul>
<b>Escusan asistencia</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sector docente: Raquel Carballo Coello</li> <li>• Sector docente: Leonor Gala Torres Sabín</li> <li>• Sector docente: Jose Manuel Pérez Rodríguez</li> <li>• Sector docente: Miguel Ángel López González</li> <li>• Sector docente: Yolanda Benito de Tapia</li> <li>• Sector docente: Juan Ignacio Herrero Álvarez</li> <li>• Sector usuarios: Iria Salvande Lorenzo</li> <li>• Sector usuarios: Pedro Xosé Castañón Valls</li> </ul>



Non asisten	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sector usuarios: Zerihum Luis Feijoo</li> <li>• Sector social: María Aurora Alonso Suárez de Miera</li> <li>• Sector social: Antonia Céspedes Balongo</li> <li>• Sector usuarios: Leticia Caldas Filgueira</li> <li>• Sector usuarios: Alfonso Otero Guinea</li> <li>• Sector social: Isabel Quintas Juncal</li> <li>• Sector social: José Manuel Rodríguez Lago</li> <li>• Sector social: Eladio Fernández Pérez</li> <li>• Sector social: José Álvarez Carpintero</li> </ul>
Asistencia Técnica	Ana Isabel Castro Davila_Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV.

## Orde do día

- 1.- Aprobación da acta anterior, se procede.
- 2.- Informe da Presidencia
- 3.- Informe da actividade das comisións de traballo do CEMV.
- 4.- Propostas de mocións:
  - 4.1.- Moción de Santiago Rodríguez Sánchez, Conselleiro polo sector docente, CIG-E, a proposta da Comisión Permanente sobre a Paz e a Educación.
  - 4.2.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre os problemas de saúde mental no alumnado.
  - 4.3.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a matriculación do alumnado NEAE.
  - 4.4.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a FCT dos ciclos de FP básica.
  - 4.5.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a situación do sistema educativo derivada da pandemia.
  - 4.6.- Moción de Santiago Rodríguez Sánchez, Conselleiro polo sector docente, CIG-E, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a zonificación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2023 12:39	Páxina 2 de 26
24898-332	CSV: A6A2BB-E9C9CE-49CBDC-CZ7GGG-M3VCCF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

4.7.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a Escola de Educación Infantil da Cidade da Xustiza.

5.- Rogos e preguntas.

### Intervencións realizadas e acordos adoptados

O secretario informa de que o Presidente non poderá asistir a toda a xuntanza xa que o horario desta coincide en parte co da Gala de Vigueses Distinguidos á que debe asistir. Explica que cando o Presidente deba irse, será substituído polo Vicepresidente, Antonio Vázquez.

#### 1.- Aprobación da acta anterior, se procede.

Procédese á votación da acta que previamente se enviou a tódolos membros do Pleno para a súa lectura.

### Acordo

Acórdase por unanimidade aprobar a acta da Xuntanza Plenaria do 23 de marzo de 2022

#### 2.- Informe da Presidencia do CEMV

O presidente comeza dando conta dos cambios e substitución de membros na composición do CEMV. Explica que a Comisión do Alumnado reuniuse nunha xuntanza telemática o pasado 15 de febreiro, e nesta decidiron organizarse internamente do seguinte xeito:

- Presidente: Joel Covelo Gallego
- Secretario: Egoitz Rivas Ibarretxe

En canto ao sector docente, producíronse os seguintes cambios: Enma Iglesias Arbor, representante de CCOO, ensino público, substitúe a Jorge Quintana Conde.

Pasa agora a informar das acerca das novidades referentes ás mocións presentadas no Pleno anterior. As mocións sobre a convivencia na comunidade educativa da cidade, sobre a zonificación, sobre a necesidade de aumentar o investimento en educación, sobre o deterioro do IES Castelao e sobre a necesidade de cubrir a praza de Traballador/a Social no CEE Saladino Cortizo, foron remitidas á Administración Educativa Competente (Conselleiro de Educación, Xefe Territorial e Delegada da Xunta en Vigo), sen ter obtido resposta algunha.

Dende a Secretaría do Delegado do Goberno responderon que a moción do CEMV sobre a necesidade de aumentar o investimento en educación foi trasladada ao Ministerio de Educación e Formación Profesional. Por outra banda informa de que xa houbo resposta

3



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2023 12:39	Páxina 3 de 26
24898-332	CSV: A6A2BB-E9C9CE-49CBDC-CZ7GGG-M3VCCF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

positiva do Ministerio de Fomento a unha petición que se fixo desde este Consello solicitando a colocación dun semáforo na contorna do Colexio Martín Codax e informa de que xa está colocado.

En canto ás preguntas que lle fixeron no último Pleno, o Presidente explica que no referente á Biblioteca de Teis, se informou cos Concelleiros de Cultura e Fomento e que xa se están ultimando conversas e compromisos co Ministerio e xa está encargado o proxecto de demolición, que é o primeiro paso.

En canto ao tema do saneamento no IES Carlos Casares, di que fixeron as consultas legais necesarias e o resultado é que esas obras de abastecemento e saneamento son competencia do goberno autonómico e desde o departamento de Fomento remitíuselle un requirimento á Xunta de Galicia para que atenda a esa demanda.

Tamén se preguntara polo estado do muro e porta que conecta o IES Santa Irene e o Pavillón do Carme, e clarexa que se trata dun tema co que xa falou con Pérez Ares e coa Directora do centro e que se está estudando cos técnicos de deportes e co arquitecto municipal. Están estudando de que administración é competencia, porque teñen que ver se o muro se construíu previamente ao pavillón de Travesas. Di que en calquera caso a intención do goberno municipal e darlle solución a esta problemática independentemente de quen sexa a competencia.

Sobre os avances co IES de Navia, que quedara en volver informar, di que a situación non cambiou demasiado desde a última vez que falaron do tema. Hai unha proposta de convenio que o Concello remitiu á Xunta, no que se solicita que a Administración Autonómica concrete e garanta prazos de execución e financiamento para a construción do IES comprometéndose o Concello á cesión inmediata do terreo cando se asine dito convenio. Di que esta petición de convenio se enviou por primeira vez fai 2 anos e que se volveu a enviar o pasado 3 de marzo ao Presidente da Xunta e segue sen ser asinado e sen dar resposta algunha. Para o Concello despois do antecedente do Centro de Saúde de Bouzas, para o que o Concello cedeu os terreos e logo tiveron parados 12 anos antes da construción, é moi importante que a Xunta firme este convenio para que se comprometa a facer o IES á maior brevidade, xa que é un centro moi necesario.

No referente á participación dos representantes municipais nos consellos escolares dos centros da cidade, sobre a que se preguntou no último Pleno, comenta que na Xunta de Goberno Local do 13 de xaneiro se aprobou o nomeamento de representantes para o ano 2022 nos centros de ensino público de educación infantil, primaria e secundaria. En consecuencia, nos centros de secundaria tamén se está a exercer esta representación municipal nos seus consellos escolares. Pode haber casos puntuais nos que os representantes non asisten, pero trátase dunha excepción e normalmente con causa

4



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2023 12:39

Páxina 4 de 26

24898-332

CSV: A6A2BB-E9C9CE-49CBDC-CZ7GGG-M3VCCF-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

xustificada. En todo caso, comenta que desde o Servizo se intensificará esta participación e o control desta asistencia, sobre todo porque esta ten moito retorno para o Concello, xa que achegan as demandas dos centros da cidade.

Pasa agora a informar sobre as Escolas Infantís Municipais. Comenta que o Presidente da Xunta acaba de anunciar que a Educación Infantil 0-3 será a partir de agora gratuíta en Galicia. Di que nun Pleno municipal fai uns meses lle pediran que esa gratuidade se fixera efectiva desde o mes de xaneiro e que non só se centrara na atención educativa, senón que se estendera ao comedor e aos servizos complementarios, tal e como se fai no Concello de Vigo desde que Abel Caballero é Alcalde desta cidade. Nas EI municipais o 80% dos usuarios non pagan os servizos de atención educativa nin os complementarios, teñen coste 0. Di que se detén nisto porque fai uns días a Delegada da Xunta en Vigo saíu dicindo que grazas a que o Concello saldou a débeda co Consorcio Galego de Benestar que van poder gozar 400 nenos e nenas da gratuidade nas Escolas Infantís Municipais. Di que isto é unha enorme mentira. Primeiro explica que dos 400 nenos e nenas que menciona, 300 xa tiñan gratuidade nas EI Municipais e non só tiñan gratis a atención educativa senón tamén os servizos complementarios. Na nota da Delegada tamén di que a Xunta vai a asumir a gratuidade, pero iso é novamente mentira porque a propia FEGAMP, tivo unha reunión con representantes da Xunta e a súa sorpresa foi maiúscula cando lle preguntaron acerca de como ía financiar o Goberno Autonómico esa gratuidade nas escolas municipais xestionadas pola administración local, a resposta foi que só ían financiar a parte que non está pagando o Concello. É dicir, no caso de Vigo eles pagarían o correspondente ao 18% dos usuarios, que son os que pagan na actualidade. As 9 EI Municipais supóñenlle ao Concello 2.300.000€ anuais e a Xunta, polo plan concertado, abonaba 123.000€ ao ano, para colaborar na financiación das EI. Ademais lembra que o Concello está xestionando dúas escolas que son autonómicas, Rúa Palencia e Valadares, polas que o Concello lle está abonando á Xunta de Galicia 205.000€. Pon o exemplo tamén do Concello de A Coruña, que ten gratuidade total nas EI Municipais desde fai 4 anos, polo que no caso deste Concello a Xunta de Galicia vai aportar 0€. Para resumir, no caso de que a Xunta cumpra o que agora está anunciando, pagará o correspondente ao 18%, o que equivale a 198.000€, e tendo en conta que o Concello lle paga a Xunta 205.000€ pola xestión de dúas escolas que son de titularidade autonómica, o resultado é que aínda se lle estarían pagando 7.000€ á Xunta. Por todo isto a gratuidade que anunciou Feijoo a bombo e platillo non é real. O que si é real é o anuncio que fixo o alcalde e que se aprobou xusto este día en Xunta de Goberno Local, nas normas para adxudicación de prazas e matrícula nas escolas infantís municipais de 0-3 para o curso 2022-2023, onde se anuncia que os servizos de atención educativa, comedor, equipo de atención temperá (orientación e gabinete psicopedagóxico) serán totalmente gratuítos e financiados polo Concello. A Xunta o único que vai pagar nas Escolas de titularidade autonómica e nas privadas vai ser a atención educativa. O Presidente informa tamén de que xa se fixo a licitación da nova escola infantil da Praza da Industria e que se presentaron 6 empresas. A intención é que se resolva nos próximos días e que, a

5



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2023 12:39

Páxina 5 de 26

24898-332

CSV: A6A2BB-E9C9CE-49CBDC-CZ7GGG-M3VCCF-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

finais de abril ou maio, poidan comezar as obras coa intención de que no mes de setembro ou outubro xa poida estar operativa para abril, en canto se teña o permiso da Consellería de Política Social. Pensa que a administración autonómica non vai tardar en dar os permisos porque xa se lle ten adiantado toda a documentación. Pero nunca se sabe, porque explica que tiveron problemas para abrir a escola que fixo a Fundación de Amancio Ortega e tiveron que gastar 15.000€ en facer modificacións, e a mesma arquitecta non entendía porque lle esixían facer estes cambios cando estaban feitas igual que noutros Concellos de Galicia e nestes outros non se lles esixira modificación algunha.

Cambiando de tema, informa de que na seguinte semana aprobarase en XGL o expediente de Autoxestión 2022, financiamento municipal por importe de 290.477,06€ para afrontar directamente polos equipos directivos e consellos escolares dos centros de ensino público de infantil e primaria, as tarefas de mantemento, conservación e reparación das súas instalacións mediante actuacións preventivas de pequena entidade. Comenta que aínda tiveron fai pouco unha xuntanza coas direccións e que é un tema que xa se ten falado aquí, que eles demandan que se aumente esta partida. Di que se lle explicou aos directores que o Concello está asumindo moitas obras de inversión que non lle competen pero que como a Xunta non fai e son moi necesarias, eles están a acometer. Di que esta inversión fai que haxa que equilibrar os orzamentos e que non se poida aumentar a partida de autoxestión xa que isto suporía facer menos inversións. En todo caso a vontade é buscar unha fórmula para que o reparto sexa máis equitativo e por exemplo ver como os centro que teñan máis metros cadrados poidan ter maior orzamento. Nesa xuntanza lembrouse o estudo que se fixo do estado dos centros no Concello de Vigo e que este se presentou á Xunta ofrecendo a posibilidade de colaborar ao 50% co Goberno Autonómico nunha reforma integral de tódolos equipamentos educativos da cidade, ofrecemento que non foi respostado pola Xunta. Di que desde entón o estado dos centros empeorou e que se segue á espera de que se dea unha resposta e que o Concello segue querendo que se dea esa colaboración e se reformen os centros. Di que no mes de decembro de 2021 aínda se levou ao Pleno Municipal unha moción na que se lle pedía á Xunta que empregara os fondos europeos para este fin, que é unha oportunidade histórica a que se ten agora.

Comenta que nesa mesma xuntanza cos directores se falou dos programas educativos municipais, e di que están vendo agora xusto diferentes programas e servizos que se poidan implementar de cara ao próximo curso e reforzar así a oferta de “VigoEduca”.

En canto ao programa Vigo en Inglés, informa de que a demanda das familias foi moita, na liña case dos últimos anos. Di que lamentablemente hai un novo condicionante que pode afectar ao programa, a guerra de Ucraína, pero que se todo vai ben tres xeracións pertencentes ás convocatorias de 2020 e 2021 pospostas pola Covid máis a do 2022 realizarán a súa estada lingüística en Reino Unido ou Irlanda. Os do ano 2020 irían en xullo, os do ano 2021 en setembro e cando estes volvan, en outubro iría a última quenda, os



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2023 12:39	Páxina 6 de 26
24898-332	CSV: A6A2BB-E9C9CE-49CBDC-CZ7GGG-M3VCCF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

do 2022.

Explica que se está a celebrar o programa municipal Música na Escola, cun éxito total, no que participarán 29 centros educativos con 2021 alumnos/as de 3º a 6º de primaria. Estes concertos celébranse no Auditorio Municipal entre marzo e abril e están protagonizados polo profesorado das escolas municipais “Escola Municipal de Música Folk e Tradicional (E-TRAD)” e “Escola Municipal de Música de Vigo (EMMV)”. O transporte dos escolares con preto de 40 buses é gratuïto con cargo ao programa municipal “VigoEduca”. Na mesma liña, xa están en marcha as “XII Xornadas Municipais de Teatro Escolar” que se celebrarán o vindeiro 11 e 12 de maio no Auditorio Municipal, a través da Escola Municipal de Teatro.

Por último, informa que na Gala de Vigueses Distinguidos que se celebrará esa mesma tarde se galardoa aos seguintes centros que xa levan 50 anos de traxectoria no Concello de Vigo: Ceip Ría de Vigo, Ceip San Salvador, Ceip Eduardo Pondal, Colexio D. Bosco, Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), Colexio Vivas, Colexio Hogar A Fundación, Colexio Marcote e Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico.

Rematado o informe, Santiago Rodríguez, con respecto ao comentado sobre IES de Navia, explica que tiveron nese día una xuntanza na Xefatura Territorial e que lles dixeron que xa teñen preparado para sacar de xeito inmediato un convenio co Instituto Galego de Vivenda e Solo que só necesitaría un Visto e praxe do Concello. O Concelleiro responde que eles actuarán una vez estea asinado o convenio que lles enviaron e non antes.

Joel Covelo pregunta acerca da moción que presentaron no anterior Pleno pedindo modificacións nos horarios das liñas de Vitrasa. Gorka Gómez comenta que se lle deu traslado á Concellaría de Transporte e de Mobilidade e que están facendo un estudo para reestruturar algunhas liñas, a ver se pronto lles poden dar unha resposta.

### **3.- Informes das comisións de traballo do CEMV para o curso 2021-22.**

Bertila Fernández Presidenta desta Comisión comenta que están centrando tódolos seus esforzos na organización da Xornada de orientación para o alumnado e solicítalle ao resto dos membros do Pleno que contribúan con eles facendo tódalas achegas que poidan. Dito isto, pásalle a palabra a Joel Covelo, presidente da Comisión do alumnado para que sexa el quen explique o porque de organizar as xornadas e todo aquilo que considere acerca delas, xa que esta actividade, aínda que parta da Comisión Pedagóxica, se vai facer porque o alumnado o suxeriu e eles están moi implicados no desenvolvemento dela.

#### Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa:

Desde a Comisión Pedagóxica seguimos traballando na organización das xornadas do CEMV que este ano se centrarán orientación do alumnado. A proposta actual coa que se



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2023 12:39	Páxina 7 de 26
24898-332	CSV: A6A2BB-E9C9CE-49CBDC-CZ7GGG-M3VCCF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

traballa é a seguinte:

Destinatarios: Alumnado de 4º da ESO e 1º de BACH

Lugar: Auditorio Mar de Vigo

Prazas: 1400 aprox.

Datas: No mes de xuño, entre o día 6 que remata a avaliación e o 21 que remata o curso

Formato: Táboa redonda con 3 ponentes máximo que aínda están por definir seguido de rolda de preguntas por parte do alumnado.

Perfil dos relatores. Por agora estamos pensando en diferentes perfíles como poden ser:

- Un psicólogo/a: Autoconecemento, incerteza polo futuro, motivación, necesidade de adaptación, posibilidade de cambio,...
- Un orientador/a que centre o discurso no momento da elección e a auto-orientación do alumnado. Proceso de tomas decisións, cales son as claves para saber que debo elixir, como son e a onde vou, cales son as miñas capacidades e intereses. Orientación vocacional.

Para poder levar a cabo esta xornada precisamos colaboración de todo o Pleno, para que nos axuden e fagan as achegas que consideren oportunas.

Ademais disto, desde a comisión seguimos a traballar en cuestións que consideramos imprescindibles para o que presentaremos neste Pleno catro mocións sobre os seguintes temas: os problemas de matriculación do alumnado NEAE, os preocupantes problemas de saúde mental que van en aumento entre o alumnado, a situación da educación derivada da pandemia e os impedimentos que ten o alumnado NEAE para desenvolver a FCT dos ciclos que cursan.

-----

Con respecto ás xornadas de orientación Gorka Gómez comenta que lle parece unha idea fantástica e que é unha necesidade do alumnado desta etapa, e que todos e todas os presentes os entenden perfectamente porque xa viviron iso no seu momento, ter que decidir e atoparse perdidos. Felicita ao alumnado por ser tan activos e por propor esta actividade e di que desde o Concello a van respaldar na medida do posible e que contan co seu apoio.

#### Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa:

Santiago Rodríguez presenta o seguinte informe explicando que seguen na mesma liña de traballo:

Desde esta comisión sentimos ter que seguir insistindo, infructuosamente por agora, en problemáticas que se repiten nos últimos anos sen que se producise ningún avance:

- necesidade recoñecida dun IES en Navia,
- necesidade de reordenación das zonas de escolarización,
- necesidade de ampliación dos recursos actuais especialmente para atender á diversidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2023 12:39	Páxina 8 de 26
24898-332	CSV: A6A2BB-E9C9CE-49CBDC-CZ7GGG-M3VCCF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Outros asuntos abordados pola Comisión teñen que ver con medidas necesarias subliñadas pola pandemia; coa igualdade de oportunidades no ensino básico e tamén nas FCT da FP; coa ampliación da oferta de 0 a 3 no centro da cidade; con necesidades desoídas comunicadas por centros, nesta ocasión o IES Santa Irene.

-----

Con respecto ao IES de Navia, Antonio Estévez comenta que esa mesma mañá lle preguntou ao Xefe Territorial e que lle dixo que nunha xuntanza con Foanpas se comprometeu a retomar este tema e levalo para adiante. Gorka Gómez, con respecto a este tema, lembra que fai unhas semanas se publicou no Faro de Vigo unha noticia sobre a zonificación que causou moita inquietude entre as familias, e que era unha información que claramente lle fixeron chegar ao Faro de Vigo con algunha intencionalidade clara. Comenta tamén que non entende a postura que está a adoptar Foanpas, sorpréndelle que en temas tan importantes coma estes estean un pouco de perfil, cando son reivindicacións que veñen desde lonxe. Non entende como saen na prensa falando dos comedores escolares que eles xestionan pero esquecéndose de nomear que os xestionan grazas a un convenio que existe co Concello de Vigo de 606.000€ que é o que fai posible que as familias teñan dereito a comedor, lembra que esta é unha competencia da Xunta que unha vez máis non asume e que esta Administración tiña o compromiso de ir pouco a pouco asumindo os comedores escolares xestionados polas ANPAS pero nunca o fixo. Di que o caso de Vigo é excepcional porque nas outras Comunidades Autónomas deste país os comedores os xestionan as Comunidades autónomas pero neste caso os xestionan unhas ANPAS co financiamento municipal. Lembra que o Concello incrementou o orzamento para estes comedores desde 2007 nun 200% mentres que a Xunta aporta só 118.000€ a estes comedores escolares. Informa de que pensa reunirse proximamente coa directiva de Foanpas para falar porque non entende a día de hoxe como non están pelexando polo que é tan importante para os nenos e nenas.

Santiago Rodríguez comenta que a xornalista pediu desculpas e parece que antes de publicar a noticia da zonificación se dirixiu á Consellería para preguntar acerca deste tema e parece que lle dixeron que as cousas estaban igual e que publicase o que quixera.

Antonio Vázquez di que esa noticia foi moi negativa para tódolos centros en xeral pero para algún como o IES de Teis foi particularmente nociva. Santiago comenta que con respecto a Teis publicaron unha notiña pequena de rectificación pero que o dano xa estaba feito porque as familias xa desconfían se matricular ou non aos seus fillos no centro. Antonio Vázquez comenta que ademais desta noticia saíu outra que ten moito que ver e que dicía que o IES de Valadares parece que está a punto de chegar ao seu límite de capacidade. Entón pode acontecer que non haxa prazas suficiente para o alumnado de Navia e isto estase a converter en un problema cada vez maior. El di que mentres pertenza a este órgano el pensa plantexar este tema cada trimestre porque ademais parece que a Administración



Educativa non está a ter en conta que hai alumnado que cursa ESO en centros privados na zona de Navia que teñen garantido posto escolar no IES Alexandre Bóveda ou no IES Álvaro Cunqueiro e que en cambio os da pública teñen que ir a Valadares e non pasa nada, o cal é unha discriminación ao alumnado da Pública. E con respecto ao do IES de Navia, cree que a única persoa sincera dos últimos Delegados Territoriais da Xunta de Galicia en Vigo foi, increíblemente, a Sra. Corina Porro, o que pasa é que dixo unha verdade xunto cunha parvada monumental. A verdade é que no seu día dixo que o IES de Navia non era urxente e estase demostrando que para a Consellería de Educación non é urxente nin para o Goberno que preside o Sr. Feijoo que finalmente se vai marchar a Madrid sen facer o centro de Navia despois de tanta promesa. E aproveita para instarlle ao Concelleiro a que volvan a redactar o convenio do que falou para facer unha reforma integral dos centros educativos de Vigo e que o elaboren pensando no novo Presidente desta comunidade. Así pois Corina Porro dixo a verdade cando dixo que o IES de Navia non era urxente, pero dixo unha gran parvada, que o problema se circunscibía á zona de Travesas e que se solucionaba convertendo o edificio dos xulgados en IES, e iso, aínda que agora digan o que digan, está escrito nos papeis. E para rematar lembra que por Vigo pasaron nos últimos anos varios Delegados da Xunta. A Sra Bravo Bosch fai sete anos que xa dixo no seu día que a inspección tiña elaborado un documento de zonificación para Vigo, despois o Sr. López Chávez, logo a Sra Porro e logo a actual e ningún fixo nada ao respecto, e ante esta situación non sabe que hai que facer, e a este paso pensa que se verán alumnos de Navia matriculados na Guía, como pasou fai 3 anos. Para rematar recalca que en todos estes anos de inactividade, o Delegado Territorial de Educación é o mesmo, un negado monumental e o Xefe da Inspección tamén é o mesmo, as dúas autoridades en educación que non fixeron nada por esta cidade seguen a ser as mesmas. Trátase ao alumnado do ensino público de Vigo dun xeito bochornoso.

Bertila Fernández manifesta estar totalmente de acordo co dito por Antonio. Lembra que fai uns anos se fixo un grupo de traballo sobre zonificación con representación de toda a comunidade educativa do que Foanpas tamén formaba parte e que se traballou moito este tema e que se fixeron moitas xuntanzas e reunións con Xefatura Territorial. Agora, pasados os anos dáse conta de que todo foi un paripé, que nunca houbo intención de facer o IES en Navia, que simplemente foi algo que se anunciou para facer propaganda política. Trátase dun abandono institucional total. A zonificación de Vigo non interesa, o Sr Xefe Territorial chegou a dicir que pobres os alumnos da concertada que deciden ir a facer un bacharelato a un instituto, que hai que garantirlles a praza en detrimento do alumnado da escola pública que apostaron desde sempre polos centros públicos. Lamenta que non haxa unha aposta clara polo alumnado da cidade de Vigo, que se merecen un respecto.

Santiago Rodríguez comenta que, como se pode ver polo debate que se xera, se segue empantanado cos tres temas: IES de Navia, zonificación e ampliación dos recursos educativos, e é por iso que esta Comisión segue a traballar na liña que se indica o informe.



Pilar Álvarez comenta que para ela o tema da zonificación si que é importante pero que non ve que sexa necesario o IES de Navia, pensa que hai que ser moi cauto con este tema porque teme que ao facer este instituto se baleiren outros institutos do entorno, e así non ten sentido facelo. Lembra que pasou en Ed. Primaria, que se ampliou o colexio de Navia e iso fixo que descenderan a matrícula en moitos centros da contorna que saíron prexudicados. Agora que acaba de rematar o prazo de admisión pode dicir que hai moi pouco alumnado e cando estes nenos medren isto vai afectar aos institutos. E en canto ao que se di de que o alumnado de Navia non quere ir a Valadares, ela di que non é certo. Hai moitas familias que escollen o centro de escolarización de Infantil e Primaria en función do Instituto ao que van ir e moita xente escolle o centro ao que ten adscrito o IES de Valadares, polo que pensa que hai que ser un pouco cauto e preguntar ben ás familias. Di que está moi sensibilizada con este tema porque hai 4 ou 5 centros moi afectados pola ampliación do centro educativo de Navia e entende que aos Institutos lle vai pasar o mesmo. Gorka Gómez comenta que na actualidade Navia ten 10.000 habitantes e que cando se constrúan as seguintes fases de vivenda vai crecer moito máis a zona. Non vai a haber ningún problema para encher ese novo instituto nin lle vai a afectar aos próximos. Pode haber casos puntuais como este no que o índice de natalidade é moi baixo, pero é algo conxuntural que vai volver a cambiar e Navia pode dicirse que en si mesma é unha cidade, con máis poboación que Gondomar por exemplo.

Antonio Vázquez comenta que o tema da necesidade do IES en Navia está máis que demostrada. Di que a propia Consellería admite agora que se precisa un centro dunhas 20 unidades. Haberá xente que queira ir a Valadares, pero este centro xa está a tope. En canto a ao que Pilar di de que os centros de Navia perderon matrícula nos últimos anos, a explicación vai máis alá da ampliación do colexio de Navia, el ten claro que é porque houbo unha política de potenciación de privada concertada na zona, e ata se chegou a falar de concertar o bacharelato. Nesa zona está o CPR Amor de Dios que tivo ata 2 ampliacións de aulas con orzamento da Consellería co beneplácito do Sr. Feijoo nun país que en vez de Galicia parece chamarse Feijolandia. En canto á demografía de Navia hai que ter en conta que é maior que a de Salvaterra por exemplo, onde acaban de facer unha ampliación do IES, pero a diferenza é que en Salvaterra goberna o PP. Di que está convencido de que se dentro de dous anos o PP gaña en Vigo aos 15 días faise o IES de Navia. Negar a necesidade dun IES de Navia non ten sentido, de feito farían falta ata dous, un para bacharelato e outro para FP, e o que está claro é que como se se siga postpoñendo a construción deste IES, acabará aparecendo un centro privado de bacharelato. E xa dito de paso, continúa Antonio Vázquez, a oferta de FP en Vigo é irrisoria e están desembarcando centros privados como Academia Postal para abrir ciclos formativos en Vigo. Exemplo claro de que Vigo precisa unha nova zonificación ou aínda mellor un Mapa escolar novo, que abarcara tódolos niveis, desde EI ata FP. E así non se terían que facer parches sen sentido. A zonificación nestes últimos sete anos de feito xa non é a mesma, foise modificando con pequenos cambios co que se está chegando a unha zonificación caótica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2023 12:39	Páxina 11 de 26
24898-332	CSV: A6A2BB-E9C9CE-49CBDC-CZ7GGG-M3VCCF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

que o único que fai é queimar á Ed. Pública.

Sendo as 19:15h o Presidente abandona a xuntanza sendo substituído polo vicepresidente Antonio Vázquez.

Isabel López comenta que a necesidade do IES de Navia está máis que demostrada e que con só pasearse por Navia xa se pode ver a cantidade de edificacións e de parellas novas con fillos que hai paseando pola zona. O que non entende é por que agora se cuestiona que se faga o instituto en Navia e nunca se cuestionou que se fixera o Instituto en Valadares cando alí non había nin poboación e ademais si prexudicaba a outros centros próximos coma ao IES de Beade. Porque agora se cuestiona cando está claro que é súper necesario o IES de Navia. E un sinsentido como o é que se queira facer unha EI na cidade da xustiza pero so con 40 prazas cando é unha zona que ten moita demanda de prazas. Podían ter planificado unha escola infantil máis grande que lle dera servizo aos funcionarios e á veciñanza da zona, pero non se planifica nada

Antonio Estévez pide a palabra e empeza lembrando que o CEMV é un órgano onde están representadas todas as partes implicadas no sector educativo para intentar traballar pola educación e lembra que cando se fixo a enquisa preguntando polo funcionamento do Consello el manifestou que non debía politizarse este órgano. Di que entende que as decisións políticas lles afectan e polo tanto se poden cuestionar, pero o que lle resulta molesto é cando neste foro se dan discursos políticos e incluso se fan descualificacións persoais de políticos, tampouco cre que sexa o lugar para debater o que publicou unha periodista ou insinuar se se lle pasou ou non unha información. Diríxese a Antonio Vázquez para dicirlle que non lle parece ben que lle chame ao Xefe Territorial negado, pensa que está fóra de lugar, igual que o uso de “Feijolandia”. Pensa que por moito que se discrepe ou se discuta, as formas deben ser respectuosas. En canto aos datos que se dan nos debates tamén pide que se teñan garantías de que son correctos antes de dicilos, por exemplo estase a falar de que os alumnos dos centros privados teñen prioridade para ir a Valadares e non sabe de onde se quita esa idea. Antonio Vázquez dille que debeu entender mal porque el non dixo que tiñan preferencia para ir a Valadares senón ao IES Álvaro Cunqueiro e ao IES Alexandre Bóveda, igual que outros privados concertados teñen prioridade para ir aos IES Santa Irene e Santo Tomé. Antonio Estévez di que se entendeu mal que retira o dito pero que en calquera caso os centros privados concertados en 1º da ESO non teñen adscrición a un centro público, salvo que sexa un centro privado concertado que só teña a etapa de Ed. Infantil, que é o único que pode ter unha adscrición a un 1º da ESO. Continúa dicindo que tamén se falou de que o IES de Salvaterra se ampliou porque é dunha cor política o Concello. Di que lle consta de que no curso pasado o alumnado alí non collía e polo tanto houbo que facer obras. En canto ao IES de Navia di que ninguén ten dúbidas de que é necesario e de que se vai facer, pero, a día de hoxe, non hai ningunha cesión dos terreos por parte do Concello. O convenio que quere asinar o Concello por iniciativa propia, non é un documento preceptivo, é algo que se sacou da chistera o Concello. O que si ten que haber é



a cesión do terreo por parte do Concello ao Instituto Galego de Vivenda e Solo para que logo a Consellería poida facer o centro, pero disto non hai nada. En canto aos datos de matrícula nos centros dos que se falou, Antonio Estévez di que ten os datos de matrícula de 1º da ESO e que observa que en reserva ningún alumno se queda fóra. E que case tódolos centros salvo aqueles do centro da cidade, poden asumir alumnado que vén de solicitudes de admisión. E lembra que solicitudes de admisión son as de aqueles alumnos que queren cambiar de centro, porque en principio todos teñen praza no centro que lle corresponde, ao que está adscrito, polo que non se debe falar de que non se colle sen máis. Si é certo que en Bacharelato hai un pouco máis de dificultade, sobre todo porque se vai por modalidades, pero tamén lembra que hai anos atrás se pedían máis prazas da ESO e menos de Bacharelato, ao menos no centro. En canto ao que dixo Pilar Álvarez, comenta que si baixou estrepitosamente a demanda do alumnado de 3 anos e esa baixada vaise ir notando ano tras ano e que aínda que tarde, chegará aos institutos e ao mellor cando chegue ao IES de Navia igual non hai xa tanta demanda, pero tamén é certo que a zona de Navia ten unha poboación moi numerosa e un instituto alí sempre ten cabida porque a proximidade ao domicilio sempre é positiva.

Antonio Vázquez responde ao comentado por Antonio Estévez acerca de que a función deste órgano é traballar, buscar solucións,... e iso foi o que fixo este consello escolar. Ata tal punto que, xunto con Foanpas e outros sectores implicados creou unha comisión de zonificación, fixo un estudo e elaborou unha proposta de zonificación que o Xefe Territorial nin sequera contestou, polo que para el, nesa función é un negado, e reitera as súas palabras. Dille a Antonio Estévez que el mesmo sabe que existía esa Comisión de zonificación, que se fixeron xuntanzas, que se fixo unha proposta e nunca se respondeu, que se dixo que ía a haber outros documentos e nunca os houbo, foi unha auténtica tomadura de pelo. En canto ao de referirse a Galicia como Feijolandia, cando un Presidente dun goberno fala do seu país como se fose o mellor dos mundos posibles, sen ver a realidade, para el é “Feijolandia” ou se se quere Disneylandia, e tampouco retira o dito, porque non lle parece ningún insulto. Antonio Estévez comenta que a el si lle parece unha descualificación e que cando agora está ocupando o lugar da Presidencia do órgano el debería ser o que garante que houbera un debate sen faltas de respecto. Antonio Vázquez di que el non ve ningunha falta de respecto cando el viu un Pleno do Parlamento de Galicia o outro día onde o Sr Feijoo dicía cousas moito peores. En canto ao de politizar, Antonio Vázquez di que os primeiros en facer política en Vigo son a Consellería e de feito nas eleccións municipais e autonómicas dos últimos 8 anos hai unha promesa do PP recorrente que é construír un IES en Navia, e iso está nos papeis. En canto ao que dixo o representante da administración educativa acerca de que ten claro que este centro se vai facer, Antonio Vázquez di que el o dubida moito porque xa son moitos anos sen que se vexa o movemento. Sobre os datos que facilita dos IES, en primeiro lugar, pensa que se a Administración educativa fose tan legal coma se di e cumprira con este Consello Escolar, facilitaría eses datos cando se piden e lembra que o ano anterior se pediron os datos de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2023 12:39	Páxina 13 de 26
24898-332	CSV: A6A2BB-E9C9CE-49CBDC-CZ7GGG-M3VCCF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

preinscrición a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa para facer unha análise e non se lles facilitaron e algúns centros negáronse a facilitalos dicindo que non estaban autorizados a facilitalos pola administración. Dille que se tiñan esa previsión de baixada de matrícula desde fai 6 anos porque non o dixeron antes, porque a Consellería non di que non vai facer o centro de Navia porque hai unha previsión de descenso de matrícula? En canto ao que di de Salvaterra, está ben que se amplíe o centro se non chega o espazo pero, que se fixo cos centros de Vigo cando non chegaba? Que se fixo co IES Alexandre Bóveda? Suprimíronse departamentos, suprimíronse aulas de informática,... e a inspección sabíao e permitíao. Fixéronse burradas para acabar abarrotando o centro porque se necesitaba espazo para o alumnado de Navia. Ata que chegou un momento no que xa non daba máis de si e á alguén, que espera que sexa un cargo político e non un técnico, se lle ocorreu o tema de Valadares. Di que nada do que fan ten sentido e lémbrralle a Antonio Estévez que el tamén foi administración e tamén levou paus, pero que sempre dialogou, e o actual equipo da Consellería, o actual Xefe Territorial se nega a debater. Négase a falar, négase a recibir. Recibe a nais e trátaas como xa todos saben e como xa ten descrito Bertila moitas veces. Polo tanto non considera que estea insultando, senón que está analizando. E que se ese Señor empeza a traballar, a reunirse con quen ten que facelo, a dialogar e a tomar decisións que se fai falta el lle pide perdón pero mentres tanto el vai pensar o mesmo del. E que non faga como fixo co tema da zonificación, que reuniu a un grupo de técnicos da inspección e os puxo a facer política, para lavarse as mans metulles o embolado a inspección. Ao final obrigades aos membros do Consello Escolar a cabrearse porque ao levamos anos pedindo o mesmo, pedindo moción tras moción, e nin sequera nos respondedes. Non hai ningún cronograma nin programación algunha. A Consellería que non fai máis que esixirle aos centros programación e programación, onde está a programación da zonificación de Vigo? E se non se vai querer facer, pois que diga dunha vez por todas. E por último, Antonio Vázquez pídlle a Antonio Estévez que non volva a dicirlle que politiza ou que está a dar un mitin, porque el non politiza, o único que fai e expresar as súas opinións, cousa ao que ten dereito como ser humano que é.

O Secretario intervén para pedirlle que moderen o ton do debate e para pedir que avancen para poder continuar coa orde do día.

Bertila Fernández pide a palabra para dicir que non cre que Antonio Vázquez estea a dar un mitin, pensa que o único que fai é dicir a realidade. Ela como representante de Fopanpas asistiu a moitas xuntanzas para falar da zonificación co Xefe Territorial con inspectores e inspectoras e realmente eran xuntanzas nas que non se sentían a gusto porque había risas, certo ton de burla, e iso non é agradable, porque representabamos a miles de familias da escola pública de Vigo e iamos con todo o cariño para tratar de contribuír a mellorar a escola pública e sacándolle horas ás súas familias. O tratamento por parte da equipa que as recibía non era correcto nin respectuoso. A lectura que fan as familias da escola pública de Vigo é que non hai intención por parte da Consellería de abordar dunha vez por todas a zonificación en Vigo, e todo son evasivas, desculpas,... os equipos de traballo cambian, a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2023 12:39	Páxina 14 de 26
24898-332	CSV: A6A2BB-E9C9CE-49CBDC-CZ7GGG-M3VCCF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

delegada de goberno cambia e hai que empezar unha e outra vez o proceso, pero nunca acaba de concretarse nada. Está claro que non hai unha idea clara sobre zonificación, vanse pondo parches a problemas segundo van xurdindo pero non hai decisión clara. E con referencia á facer política, cando o Sr Presidente da Xunta estivo fai anos no Museo do Mar dando un mitin, chamaron ás representantes das familias para que fósemos alí a falar da zonificación co Conselleiro e co seu equipo. Tiveron que estar escoitando todo o mitin e ao final recibíronas de pé e á presa e correndo e dixéronlles que o IES de Navia que era un feito, que xa se ía facer, e era falso, e iso si é aproveitarse da xente para facer política. Antonio Estévez pregúntalle a Bertila porque di que non se vai facer o IES en Navia, porque o certo é que non se fai porque o Concello non acaba de ceder os terreos, e ata que iso pase non se pode iniciar o trámite. Bertila di que ela se refire en xeral á zonificación, que o IES de Navia e un punto máis desta zonificación tan necesaria e que nunca se vai a acometer porque non hai intención de facelo.

Emma Iglesias intervéñ para dicir en primeiro lugar que teñen que buscar rendemento destas xuntanzas do CEMV, que non se poden alongar e prolongar conversas que non levan a ningunha parte, polo que pide que non se enreden en disputas tan superficiais como por exemplo sobre como se din as cousas. Non entende porque se critica a politización do discurso porque aquí se están a tratar temas sociais e os temas sociais teñen unha rama sociopolítica. Aquí a cuestión é buscar entre todos solucións e ser pragmáticos non quedarse na superficialidade. Por outra banda, di que non é fácil non cabrearse cando son persoas que se implican e traballan e ven que as cousas levan máis de 10 anos enquistadas e non se consegue nada. Ela di que é enxeñeira antes que profesora pero tamén é profesora de FP de adultos e é moi duro experimentar como cada reunión de departamento mensual dura unhas tres ou catro horas e só nunha de cada catro se conseguen resultados positivos, e lamenta que nun lugar coma este pase o mesmo. Dá a sensación de que hai moito individualismo, de que non se esforzan en buscar solucións, se non poden ser uns terreos pois son outros, buscar alternativas e logo votar pola menos mala, porque ás veces non se pode escoller a mellor, pero é necesario que se faga ese Instituto, igual que é necesario que antes de facer un instituto hai que facer unha planificación. Todo o mundo sabe, enxeñeiros ou non, que antes de realizar algo hai que facer unha planificación, despois diso facer unha organización de recursos e logo concretalos e por último levalo a cabo. Cada proxecto necesita un estudo económico pero tamén un estudo socio-político. E hai que pórse, e entre todos e con vontade facer as cousas.

Antonio Vázquez comenta que iso da vontade é perfecto pero que a Administración Educativa non a ten, que ao principio desta xuntanza xa se viu claramente. O Presidente informou acerca das mocións que se remitiron á Consellería despois do último Pleno, que eran unhas sete ou oito, pois a Administración non contestou a ningunha, e o representante da administración aquí presente non xustificou porque non se está a contestar a este órgano. Porque a Consellería de Educación trimestre tras trimestre menospreza a este ente democrático. Emma Iglesias di que entende, polos feitos que relatan, que non é difícil



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2023 12:39	Páxina 15 de 26
24898-332	CSV: A6A2BB-E9C9CE-49CBDC-CZ7GGG-M3VCCF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

emocionarse e ás veces subir un pouco o ton pero pídelle ao moderador que actúe antes para que os debates non se alarguen excesivamente. Santiago Rodríguez comenta que o debate está ben pero que é unha pena que se estea tendo neste momento e non cando se presenten as mocións. Pedro Vázquez pide que se continúe avanzando coa orde do día.

### Comisión do Alumnado:

Joel Covelo presenta o informe da Comisión do Alumnado:

Desde a Comisión do alumnado seguimos a traballar seguindo o plan establecido a inicio de curso. O pasado 16 de febreiro reunímonos co alumnado de diferentes Centros Educativos da cidade co obxectivo de dar a coñecer o labor deste órgano colexiado e presentar aos representantes do colectivo do alumnado no seu seo. Ademais, aproveitamos para recoller aquelas inxedanzas e propostas dos compañeiros e compañeiras para poder darlle traslado a través deste órgano ás administracións competentes.

Pese a que se fixo unha convocatoria formal a través das direccións dos Centros, a resposta do alumnado non foi moita, só asistiron representantes do IES Carlos Casares, do IES de Coruxo e do CPR El Pilar-Maristas. Non sabemos se isto se debe a falta de interese do alumnado ou a que as diferentes direccións non lles trasladaron a convocatoria aos representantes.

Así é todo o encontro foi frutífero e os temas principais que abordamos foron:

- A falta de orientación académica e profesional do alumnado
- Os problemas de saúde mental do alumnado
- A nula oferta de ocio para a mocidade na cidade de Vigo
- A desinformación e descoñecemento que ten o alumnado sobre as canles de participación da vida pública e de comunicación coas administracións.

Seguiremos en contacto con este alumnado e de cara ao último trimestre do ano gustaríanos estudar a posibilidade de que aos membros desta Comisión se nos permitira visitar os IES para reunirnos cos delegados de aula e para presentarlles este órgano e para recoller inxedanzas. A nosa proposta é facer estas visitas despois da avaliación do 6 de xuño e antes de que remate o curso.

Ademais disto, temos pendente a xuntanza coa Concelleira de Mocidade e co departamento que xestiona a APP Vigo, xuntanzas que se levarán a cabo no último trimestre do curso.

### **4.- Propostas de mocións:**

#### **4.1.- Moción de Santiago Rodríguez Sánchez, Conselleiro polo sector docente, CIG-E,**

16



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2023 12:39

Páxina 16 de 26

24898-332

CSV: A6A2BB-E9C9CE-49CBDC-CZ7GGG-M3VCCF-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



**a proposta da Comisión Permanente sobre a Paz e a Educación.****ANTECEDENTES:**

Diante da guerra, sempre, e neste momento en particular, este Consello Escolar Municipal, dirixíndose á toda a comunidade educativa e institucións educativas e de goberno, manifesta:

**TEXTO:**

A paz debe ser o compromiso, a vía e o obxectivo permanente, universal e ineludíbel de todos os gobernos e institucións. A paz require a creación e mantemento de todas as condicións que a posibilitan, nomeadamente a igualdade e a xustiza. As situacións de inxustiza, de agresión, de violencia e de guerra, ademais de danos, mortes e destrución, producen persoas migrantes, exiliadas e refuxiadas. Cómpre aplicar as resolucións e principios das declaracións universais de dereitos.

Por outra parte, a escola é unha institución esencial na formación, transmisión e transformación de valores. As comunidades educativas e os gobernos deben conformar unha sociedade e unha escola participativa, inclusiva, igualitaria, solidaria e acolledora, empática, que valore e forme no propio, no diferente e no universal.

Así, debemos ter as escolas permanentemente dotadas e preparadas, abertas e espertas, con capacidade e recursos para atender as necesidades específicas, para practicar a inclusión, a inmersión lingüística e pedagogías cooperativas e de paz, para enfrontar pacificamente os conflitos.

E, polo mesmo, tamén as sociedades, e todos os seus mecanismos institucionais e de goberno, deben estar alerta, e abertas, ante as situacións de inxustiza, agresión, explotación e violencia, reequilibrando e actuando permanentemente sobre os principios da paz e a xustiza en todos os ámbitos.

**Acordo:**

Apróbase por unanimidade a moción sobre a Paz e a Educación.

**4.2.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre os problemas de saúde mental no alumnado.****ANTECEDENTES:**

Nos últimos anos, as familias somos testemuñas activas, ben sexa no noso entorno familiar, social ou laboral, dos procesos de xestión das emocións e da saúde mental na infancia e na mocidade, sen esquecer aos adultos xa rodados na vida.

Claro e conciso “é unha materia pendente no sistema sanitario e educativo a atención á saúde mental enfocada aos cativos e cativas, mozos e mozas”. Non resulta suficiente o establecido na actualidade, xa que os casos están aí: acoso escolar, pensamentos suicidas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2023 12:39	Páxina 17 de 26
24898-332	CSV: A6A2BB-E9C9CE-49CBDC-CZ7GGG-M3VCCF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

con finais tráxicos, agresividade, violencia de xénero na mocidade... Indubidablemente é unha lacra que pesa cada día máis na nosa sociedade e, a diario, nos telexornais estanse xa a normalizar novas como: “suicidio dun adolescente”, “zurras entre mozos e mozas”, “violencia de xénero na mocidade”...

Como podemos darlle unha solución a estes sucesos que se agravan no tempo?

A escola é unha micro sociedade onde os nosos fillos e fillas pasan a meirande parte do tempo da súa xornada. Os docentes están desbordados á hora de atender, xestionar, buscar solucións ante estes feitos, sumado á súa responsabilidade na súa faceta docente. Benvidos sexan os protocolos de acoso, absentismo e suicidio escolar. Pero é moi, moi necesario a prevención incorporando figuras como a de educador ou educadora social e enfermeiro ou enfermeira escolar, programas e campañas, acompañadas de investimento e medios.

É obriga e responsabilidade de todas as persoas garantir o benestar da infancia e mocidade, pero é responsabilidade “da administración educativa” garantilo durante todo o proceso escolar e académico.

#### TEXTO:

Polo exposto, pedimos que se inicie un procedemento serio e profundo ante a tendencia preocupante dos casos incipientes e graves da saúde mental na escola, poñendo á disposición da comunidade educativa todos os medios necesarios. Para isto hai que contar con profesionais expertos nas diversas materias relacionadas coa saúde mental.

#### Acordo:

Apróbase por unanimidade a moción sobre os problemas de saúde mental no alumnado.

#### 4.3.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a matriculación do alumnado NEAE.

#### ANTECEDENTES:

Durante todas as etapas e facetas da nosa vida, convivimos coa diversidade de xeito consciente ou inconsciente no ámbito familiar, laboral, tempos de lecer... Estamos inmersos no día a día en situacións que evidencian en sentido positivo ou negativo o resultado neses procesos de convivencia.

Nos últimos tempos, somos testemuñas de experiencias non desexables para ninguén, nenos e nenas, familias, docentes, que exercen de protagonistas en realidades inxustas. Referíndonos ao ámbito educativo, por exemplo, á hora de solicitar unha praza para o alumnado con NEAE nun centro escolar. Xa en primaria temos algúns casos non agradables, pero é en secundaria onde se acentúan as necesidades e carencias nos centros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2023 12:39	Páxina 18 de 26
24898-332	CSV: A6A2BB-E9C9CE-49CBDC-CZ7GGG-M3VCCF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

As respostas que reciben as familias son múltiples e sen fundamento algún: “non hai prazas”, “este centro non reúne as condicións necesarias para o seu fillo ou filla”, “é mellor que se dirixan a outros centros”, “non temos persoal suficiente (PTs, ALs, orientadores, orientadoras...) para atender as necesidades do alumnado con NEAE”. Estas son as respostas, non hai outras. Pero a lectura sería: “estes centros non están atendidos debidamente pola administración educativa”.

Enténdese a impotencia dos responsables dos centros á hora de argumentar a idoneidade ou non do centro, pero non se comparte. A realidade é que non se aposta por unha educación de calidade, calidade que tamén quere dicir inclusiva. A calidade e a inclusión teñen que ir da man.

A estas alturas, marzo de dous mil vinte e dous, estamos petando as portas demandando algo que está recollido na constitución, nas leis educativas e nos dereitos universais da infancia. Non temos que petar, a chegada á escola, aos centros de secundaria ten que ser unha entrada tranquila, agradable, recibíndonos cun programa de convivencia que garanta a atención a todo o alumnado, **“A TODO”** sen ter que engadir alumnado NEAE...

Todas e todos aprendemos a convivir na comunidade escolar, pero moito mellor se temos os medios e as ferramentas necesarias para alcanzar a meta no proxecto educativo e vital do centro.

### TEXTO:

Polo que pedimos á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:

- Que garanta prazas para o alumnado con NEAE en tódolos centros escolares, xa sexan de primaria ou secundaria.
- Persoal técnico e profesional para atender as necesidades educativas.
- Medidas organizativas suficientes referidas a ratios e aos tempos que posibiliten ao profesorado dar a atención que este alumnado precisa.
- Medios técnicos.
- Iniciar un proceso de adaptación nas infraestruturas dos centros educativos e a súa contorna.

Antonio Estévez comenta que non é un problema de prazas, porque hai prazas reservadas ao alumnado con NEAE. Bertila Fernández di que ás veces sucede que hai máis casos con NEAE que prazas ofertadas e di que ás veces desde os propios centros pónenlles pegas ás familias para que se apunten no seu centro, porque teñen unha falta de medios que lle impide atender a eses rapaces de xeito correcto. Antonio Estévez di que o das prazas ten que ser en casos moi puntuais, xa que o normal é que sobren prazas. Outra cousa é que algún equipo directivo poida aconsellarlle a unha familia que mellor matricule ao seu fillo noutro centro porque o ve mellor capacitado para atender ás súas necesidades. Pero se iso pasase o que ten que facer esa familia é ir á inspección educativa. El di que entende a petición de máis medios pero o de que se aumenten as prazas non o ve claro, porque prazas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2023 12:39	Páxina 19 de 26
24898-332	CSV: A6A2BB-E9C9CE-49CBDC-CZ7GGG-M3VCCF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

hai. Santiago Rodríguez comenta que están a velo desde puntos de vista diferentes. Pensa que o representante da administración educativa está véndoo desde o punto de vista da oferta e Bertila desde o punto de vista de que esa oferta satisfaga ao final as necesidades reais das familias e do alumnado e iso é o que provoca que as familias teñan que ir dun centro a outro ata que atopan aquel que satisfai as necesidades que ten ese alumno ou alumna.

#### Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a matriculación do alumnado NEAE.

#### 4.4.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a FCT dos ciclos de FP básica.

##### ANTECEDENTES:

Nos últimos anos estase a producir un incremento significativo da matrícula nos ciclos formativos dos distintos niveis de Formación Profesional (Básica, Grao Medio e Grao Superior).

Como é ben sabido, nos ciclos formativos existe o módulo de “Formación en Centros de Traballo” (FCT), coñecido popularmente como “prácticas nas empresas”. Pois ben, nos últimos tempos os centros educativos están tendo algunhas dificultades para conseguir empresas nas que alumnado con síndrome e Asperger, Down, e similares podan realizar e cursar o referido módulo, que é indispensable para acadar a titulación correspondente; non sendo aceptable que alumnado que iniciou un ciclo poida, hipoteticamente, chegar a non obter a titulación porque non lle sexa posible realizar o módulo de FCT que lle corresponda.

Aínda que se sabe que estes casos son minoritarios, consideramos que se deba atallar estes casos denantes de que se convertan nun serio problema.

##### TEXTO:

Por iso, o CEMV insta á Consellería de Educación e Ord. Universitaria a que promova coas organización empresariais e con todas as institucións públicas e privadas relacionadas co mundo laboral convenios de colaboración que garantan que todo o alumnado de Ciclos Formativos de Formación Profesional van ter asegurada a realización dos respectivos módulos de Formación en Centros de Traballo, facilitando ademais, a función intermediaria dos centros educativos.

Antonio Vázquez indica que esta moción debería serlle enviada tamén a institucións e organizacións públicas e privadas relacionadas co mundo laboral para conquerier una maior sensibilización co tema se que se plantexa. Entre outras: Concello de Vigo, Confederación de Empresarios, Mulleres empresarias, Sindicatos, Círculo Financeiro, Círculo de



Empresarios, Cámara de Comercio, Ardán información Empresarial ZFV, Consorcio da Zona Franca de Vigo, Consello Económico e Social de Vigo, Autoridade Portuaria de Vigo,...

Antonio Estévez comenta que el está de acordo co fondo da moción pero que hai unha frase que quitaría porque non é correcta: “non sendo aceptable que alumnado que iniciou un ciclo poida, hipoteticamente, chegar a non obter a titulación porque non lle sexa posible realizar o módulo de FCT que lle corresponda”. Explica que en ningún caso un alumno matriculado deixará de obter a titulación, xa que a FCT está garantida, non se lle pode impedir a ninguén a titulación por ese motivo. Antonio Vázquez aclara que na moción se di hipoteticamente, en caso de que se puidera dar ese caso, e explica que problema é que ás veces os centros educativos non encontran unha empresa que colla a este alumnado. Antonio Estévez di que se se dera o caso, habería que buscar alternativas sempre. Lembra que co tema da pandemia, a algúns alumnos que non puideron facer a FCT déuselle a posibilidade de substituíla por un traballo sobre o ámbito empresarial. En calquera caso, se se dera o esa situación, o centro tería que solucionarala dun xeito ou outro, pero nunca un alumno deixaría de titular por este motivo. Non hai nin un só alumno ao que se lle dera esta casuística nin se pode dar. Emma Iglesias convida a Antonio Estévez a que a acompañe ao centro onde estivo o último trimestre atendendo a alumnado de FP Básica, e podería ver o complicado que resulta para estes rapaces. Incluso hai alumnado que comeza a FCT e non a pode acabar, vívense dramas reais. Santiago Rodríguez comenta que non debería haber en ningún caso de alternativa a FCT, e máis aínda nos casos que están a expor. Di que se unha empresa está teletraballando pola pandemia a FCT terá que ser o teletraballo, que sería en todo caso unha FCT real. Pero iso de dar alternativas facendo un traballo non ten ningún sentido na pandemia e menos no caso que se expón. O alumnado con NEAE que fai a FCT ten que ter unha integración efectiva no mundo laboral, a FCT non pode ser outra cousa. Antonio Estévez di que esa alternativa deuse puntualmente na pandemia, que só o dixo como exemplo de que sempre hai opcións. Cando no mes de marzo de 2020 moitas empresas pecharon as portas de xeito indefinido deuse esa posibilidade de xeito excepcional. Di que se un centro ten dificultades no seu entorno para buscar empresas, merece que se faga unha análise porque ao mellor é que o entramado empresarial dese sector non ten demanda. En todo caso, el propón que se faga un cambio na redacción da moción, xa que esa situación nunca se podería dar, nin nun caso hipotético. Antonio Vázquez di que o que non se pode dicir é que o centro ten que resolver, que o centro ten que buscar solucións. Di que se un centro non atopa empresa para un alumnos en concreto, que vai facer o centro? Aí ten que ser a Administración a que dea a solución, e non cargar co problema aos centros educativos. Hipoteticamente claro que se pode dar, pero ao final sempre se buscará un apaño, mandaranlles facer un traballo, unha proba ou farase o que se fixo en Vigo, que algún centro chamou ao Concello de Vigo e conseguise a FCT para un alumno nunha empresa que traballaba para o Concello, hai que pedir favores. Emma Iglesias di que o que non se quere ver é que moitas das empresas lles fan favores, chámase



a empresas de exalumnos do Centro ou a empresas que subministran algún material ao centro, que collen alumnos e a cambio ás veces hai que facer pedidos para o centro educativo. Antonio Vázquez di que se fai iso por que se non se atopara esta solución este alumno quedaba colgado. E o peor é que esta moción vaise mandar á Consellería e esta non vai dignarse a responder. Deste lado está un grupo de ilusos que cre na educación e do outro lado un grupo de políticos que nin sequera se dignan a responder. Dito isto, el como persoa que presenta a moción, está disposto a facer un cambio nos antecedentes, xa que el só quere solucións.

Antonio Estévez aclara, en relación ao que comentou Antonio Vázquez antes, que en primeira instancia o Centro ten que buscar solucións, pero que se o centro ten problemas teno que por en coñecemento da Administración e daranlle unha solución. Propón cambiar o texto e onde di “non sendo aceptable que alumnado que iniciou un ciclo poida, hipoteticamente, chegar a non obter a titulación porque non lle sexa posible realizar o módulo de FCT que lle corresponda” por “non sendo aceptable que alumnado que iniciou un ciclo poida chegar a ter dificultades para realizar a FCT”. Santiago Rodríguez suxire engadir a seguir “módulo imprescindible para integración no mundo laboral”. Estando todos de acordo coa modificación procédese á votación.

#### Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a FCT dos ciclos de FP básica.

#### **4.5.- Proposta de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a situación do sistema educativo derivada da pandemia.**

##### **ANTECEDENTES:**

Transcorridos xa dous anos dende o seu inicio, a incidencia da pandemia no sistema educativo ten constituído unha preocupación permanente para tódolos sectores concernidos no feito educativo.

As Comunidades educativas realizaron, realizan e deberán seguir a realizar nun futuro próximo un esforzo prolongado para reaccionar adecuadamente aos cambios que a pandemia xerou e xera no sistema educativo, en xeral, e nas propias aulas, en particular; con actuacións que traten de manter, e incluso mellorar, na medida do posible, a calidade educativa. A súa eficacia é posible pola enorme capacidade de resistencia, adaptación e implicación do profesorado, e do alumnado en estreita colaboración coas familias.

Malia os esforzos realizados, a situación actual segue a ser grave e preocupante. Por todo iso, cómpre seguir adoptando medidas que contribúan a minguar o impacto negativo da pandemia, especialmente nos problemas de saúde mental, e favorecer a igualdade de oportunidades mediante a colaboración dos diversos sectores da comunidade educativa no



que debe ser o obxectivo máximo do noso sistema educativo: o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades de todo o alumnado.

### TEXTO:

Na situación actual, o Consello Escolar Municipal de Vigo considera necesario realizar as seguintes propostas:

- 1.-Seguir garantido as condicións sanitarias necesarias para manter a presencialidade nos centros educativos.
- 2.-Reforzar as medidas hixiénicas e sanitarias actuais e introducir, se cabe, novas medidas que garantan as distancias mínimas nas nosas aulas.
- 3.- Afrontar con presteza toda a ampla casuística relacionada coa saúde mental do alumnado, que se está a manifestar en falla de motivación, problemas de concentración, síndromes depresivos, trastornos de conducta e, incluso, en comportamentos lesivos.
- 4.-Afrontar as carencias do sistema educativo que a pandemia ten manifestado con especial virulencia en algúns casos: reforzar plantillas, cubrir baixas laborais con prontitude, axustar ratios por aula, coordinar a distintas institucións para atender necesidades non estritamente educativas
- 5.-Aumentar os recursos financeiros dos centros educativos para conquirer unha mellora significativa dos recursos que lles permitan lograr unha maior seguridade e contornas saudables.
- 6.-Incidir en políticas que permitan unha mellora na conciliación laboral e familiar.
- 7.-Proceder a realizar unha avaliación en profundidade do acontecido nos dous últimos anos no sistema educativo galego, coa participación de todos os sectores que compoñen a Comunidade educativa, e co obxectivo de aprobar consensuadamente medidas susceptibles de ser aplicadas, logo, nos centros educativos.

### Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a situación do sistema educativo derivada da pandemia.

#### **4.6.- Moción de Santiago Rodríguez Sánchez, Conselleiro polo sector docente, CIG-E, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a zonificación.**

### ANTECEDENTES:

O Consello Escolar Municipal de Vigo leva anos procurando a atención das autoridades educativas para que, desde as institucións de goberno, leven a cabo unha serie de actuacións de planificación e execución en materia educativa imprescindíbeis.



Na pasada década, a realidade social e demográfica da cidade cambiou enormemente sen que houbera unha actualización da planificación educativa nin dos recursos dispoñíbeis, e o descenso demográfico na faixa da poboación escolar non parece que mellorase a situación. Pola contra, si semella que os últimos doce anos serviron para afianzar unha redución e deterioro dos recursos educativos. Así:

1. Seguémonos rexendo por unha zonificación para o acceso aos centros públicos que nin resolve os actuais problemas de escolarización nin optimiza os desigualmente distribuídos centros públicos do concello. O documento que recolle as zonas de escolarización e adscricións de escolas e colexios públicos de educación infantil e primaria a institutos de educación secundaria é moi antigo. Este Consello Escolar leva reclamando a súa adaptación ás actuais necesidades desde hai máis dunha década. Desde entón, Educación materializou algúns cambios sen dar solucións eficientes aos problemas nin ao conxunto, e desoíndo as comunidades educativas afectadas. No curso 18/19, a Xefatura Territorial da Consellaría de Educación elaborou unha proposta, aínda que sen publicitar nin debater os seus criterios e sen dar a coñecer datos de matriculación, capacidade, servizos, liñas e prazas de transporte, fundamentais para a reordenación da escolarización, que a día de hoxe segue como estaba e sen que se dean mostras de ningunha actuación.

2. A cidade medra poboacional e urbanisticamente en determinadas áreas e non hai un reforzo parello dos servizos e infraestruturas educativas necesarias, a pesar das declaracións da súa necesidade e da dispoñibilidade de chan para dotacións educativas.

3. As necesidades educativas do alumnado e as súas familias foron e seguirán cambiando e asumindo unha maior diversidade e necesidades de todo tipo sen que a Administración educativa materialice unha axeitada atención nos centros, (que pasa necesariamente por unha redución das ratios, dispoñibilidade horaria e de recursos do profesorado, reforzo do persoal específico e dos departamentos de orientación), nin asuma e incorpore ao sistema os servizos complementarios requiridos.

### TEXTO:

Por todo isto, presentamos ao Pleno do CEMV as seguintes mocións para a súa consideración e aprobación: O CEMV insta á Consellaría de Educación a:

1. Acometer a actualización da zonificación escolar de Vigo como documento que rexe a escolarización, e á vista dun necesario mapa que defina os recursos e necesidades educativas do concello de Vigo. Tanto un como outro documentos deben ser públicos e procurar a participación, establecendo criterios que aborden os problemas e necesidades para a súa solución.

2. Adoptar xa as medidas necesarias para a construción do IES en Navia cos recursos suficientes de ensino obrigatorio e non obrigatorio. Planificar a creación de oferta pública no centro da cidade.

3. Aumentar o persoal para permitir os desdobres necesarios; reorganizar os recursos





e a atención con máis persoal específico e dos departamentos de orientación; reducir as ratios e horario lectivo docente para mellorar a atención por parte do conxunto do profesorado.

4. Asumir e incorporar ao sistema público os servizos complementarios necesarios (comedor, transporte, aulas matinais).

#### Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a zonificación.

#### 4.7. Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a Escola de Educación Infantil da Cidade da Xustiza.

##### ANTECEDENTES:

O Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV) ven manifestando ao longo dos últimos anos a súa preocupación pola insuficiente oferta de prazas públicas nos distintos niveis educativos non universitarios. No caso de educación infantil o déficit de prazas conleva, en moitas ocasións, que a un número significativo de familias lles resulte moi complicado a conciliación da vida familiar e escolar que as administración públicas deberían garantir. A Lei Orgánica de Educación, ao referirse á "oferta de prazas públicas" por parte da Administración no seu título I, artigo 15, establece que as administración "incrementarán progresivamente la oferta de plazas públicas a fin de atender todas as solicitudes de escolarización da poboación infantil de cero a tres anos". Pois ben, en data recente a Conselleira de Política Social manifestou nos medios de comunicación que a "Cidade da Xustiza (de Vigo) será un símbolo de conciliación ao poñer a disposición dos vigueses unha nova escola infantil pública autonómica totalmente gratuíta", engadindo que "o centro dará prioridade aos traballadores da Cidade da Xustiza e que porá a disposición dos veciños de Vigo as prazas que queden libres", e anunciando que a oferta da futura escola será de 41 prazas

##### TEXTO:

Diante disto, e á vista da insuficiencia da oferta de prazas deste nivel educativo en Vigo en xeral, e na zona na que se sitúa a futura Cidade da Xustiza en particular, o CEMV solicita que a Consellería de Benestar Social tome as medidas que sexan necesarias para ampliar ata duplicar a oferta da referida escola.

#### Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a Escola de Educación Infantil da Cidade da Xustiza.



**5.- Preguntas e suxestións.**

Bertila Fernández toma a palabra para dicir que a Comisión NEAE de Foanpas se sentiu moi decepcionada cando escoitou as palabras do Presidente, que dixo que o goberno do Estado é un goberno autista. Esas declaracións foron un ataque e unha falta de respecto a tódalas familias da escola pública e especialmente ás familias con nenos e nenas con autismo. Piden que desde aquí se faga chegar ao Presidente da Xunta o malestar da comunidade educativa de Vigo pedíndolle que pida desculpas públicas.

Antonio Vázquez quere deixar constancia de que en toda a normativa educativa desde os anos 80 se establece a existencia de Consellos escolares, tanto de centro como locais ou autonómicos. Cre que o mínimo que ten que facer unha administración é respectar a existencia destes Consellos e dificilmente se respecta a un Consello se cando se reciben mocións durante anos e a autoridade académica correspondente non se digna a contestar, unha falta de respecto atribuíble nesta provincia ao Xefe Territorial. Espera que algún día cambie.

Egoitz Rivas comenta que na xuntanza do alumnado, un dos temas que saíron é que o mal funcionamento dos Consellos Escolares de centro, que non se está por exemplo convocando ao alumnado para as Comisións. Por iso lle pide ao inspector que na medida do posible revisen o funcionamento destes órganos.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión ás 20:35h.

O SECRETARIO DO CEMV

Vº e Pr

O PRESIDENTE DO CEMV

Pedro Vázquez Iglesias

Gorka Gómez Díaz

